# XUNTA DE GOBERNO

## SESION ORDINARIA DE VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE

## (ACTA NÚMERO 08)

**Presidente:**
D. Argelio Fernández Queipo

**Sres. Deputados:**
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mª. del Pilar García Porto
Dª. Mayra García Bermúdez
D. Eduardo Vidal Baamonde

**Secretario:**
Dª. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e dous de febreiro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria Dª. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. Darío Campos Conde e os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D. Lino Rodríguez Ónega e Dª. Sonsoles López Izquierdo..

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de febreiro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE CHANTADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1802 "CHANTADA (N-540)-SABADELLE-ENCORO BELESAR", P.K. 1+675 A 5+000, LU-P-1804 "TOUZA (LU-P-1801)-BELESAR-PONTE DE SAN FIZ (LU-617)", P.K. 1+700 A 6+049 E LU-P-1809 "CHANTADA (N-540A)-ANTAS DE ULLA (N-640)", P.K. 2+085 A 3+600.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Antecedentes

Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firmes de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19).

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: CHANTADA.-Rehabilitación de firme LU-P-1802 "Chantada (N-540)-Sabadelle-Encoro Belesar", PK 1+675 A 5+000, LU-P-1804 "Touza (LU-P-1801)-Belesar-Ponte de San Fiz (LU-617)", PK 1+700 A 6+049, e LU-P-1809 "Chantada (N-540A)-Antas de Ulla (N-640)", PK 2+085 A 3+600, redactado por Don Héctor Diéguez Aranda.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación

Solicitude de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Memoria xustificativa

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra CHANTADA.-Rehabilitación de firme LU-P-1802 "Chantada (N-540)-Sabadelle-Encoro Belesar", PK 1+675 A 5+000, LU-P-1804 "Touza (LU-P-1801)-Belesar-Ponte de San Fiz (LU-617)", PK 1+700 A 6+049, E LU-P-1809 "Chantada (N-540A)-Antas de Ulla (N-640)", PK 2+085 A 3+600.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: "Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmoble".

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co

punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior

aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 24/01/2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.61955 por importe de 425.863,76 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras, D. Héctor Diéguez Aranda, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución

establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na acta de reformulo previo, estendida con data 10 de xaneiro de 2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será preciso a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito".

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º**.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: CHANTADA.-Rehabilitación de firme LU-P-1802 "Chantada (N-540)-Sabadelle-Encoro Belesar", PK 1+675 A 5+000, LU-P-1804 "Touza (LU-P-1801)-Belesar-Ponte de San Fiz (LU-617)", PK 1+700 A 6+049, E LU-P-1809 "Chantada (N-540A)-Antas de Ulla (N-640)", PK 2+085 A 3+600, sometelo a información pública por espacio de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º**.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º**.- Aprobar o gasto por importe de 425.863,76 €, dos cales 73.910,24 € corresponden ao IVE (21%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### 3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE LUGO.- EXECUCIÓN DE CARRIL BICI DO P.K. 0+000 A 2+570 NO PARQUE DO RÍO RATO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Antecedentes

Convenio interadministravio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo aprobado pola Xunta de Goberno en data 15 de febreiro de 2019 e asinado en data 20/02/2019 para a execución dos fins comúns consistentes na Execución de carril bici do P.K. 0+000 A 2+570 no parque do río Rato do que trae causa esta licitación.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LUGO.- Execución de carril bici do P.K. 0+000 A 2+570 no parque do río Rato, redactado por Don José Fernández Parajes.

Documento xustificativo da necesidade da contratación e proposta da convenencia e oportunidade asinada pola Vicepresidencia.

Informe favorable de supervisión do proxecto de data 05/02/2019.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Solicitude de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Memoria xustificativa

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo número coa finalidade de proceder á contratación da obra LUGO.- Execución de carril bici do P.K. 0+000 A 2+570 no parque do río Rato . O proxecto técnico da obra está redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. José Fernandez Parajes e foi supervisado, técnicamente, aos efectos do artigo 235 da LCSP, polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, segundo informe de data 05 de febreiro

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmoble”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta  xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías  e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de  adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no  artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 01/02/2019 financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 1720.65009 e 1720.6500955 por importe de 675.785,96 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro de Obras Públicas do Servizo de Vías e Obras, D. Jose Fernández Parajes, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 20 de febreiro de 2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, "...é necesaria a dispoñibilidade de terreos cuxa titularidade catastral, conforme detalla o anexo 3 –afecciones do proxecto-, non corresponde a esta Deputación e que deberán ser obtidas mediante expropiación forzosa ou outro procedemento previsto na lexislación".

En calquera caso e consonte ao establecido no artigo 236.2 da LCSP, na tramitación dos expedientes de contratación referentes a obras e infraestruturas (entre outras) de estradas, dispensase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, se ben non se pode iniciar a execución das obras en tanto non se formalice a ocupación.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito".

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º**.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- Execución de carril bici do P.K. 0+000 a 2+570 no parque do rio Rato, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espacio de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º**.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º**.- Aprobar o gasto por importe de 675.785,96 €, dos cales 117.285,17 € corresponden ao IVE (21%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE BÓVEDA, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Bóveda, no que solicita prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimento incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a

formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 04/01/2019, concedeuse unha primeira prórroga para adxudicar o investimento ata o 27/02/2019. A Alcaldía do concello indicado solicita unha segunda prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Bóveda:

O concello de Bóveda incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BÓVEDA | 37 | IDENTIFICACIÓN | MELLORA DE ACCESOS A REMESAR, LÍMITE MUNICIPAL Á LU-611 POR PORTAXE, CAMIÑO DE LU-611 A RAÍÑA, DE LU-0903 A LU-0905, DE LU-0903 A OUTEIRO, LAMELA-VER, AVDA. ALFONSO VIII-CAMIÑO DO CANAL, VER, RIBAS PEQUENAS-CHORENTE, GUNTÍN, VILABOA-XULIÁN, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 105.422,85 | 10.108,40 | 115.531,25 | | | X |
| | 38 | IDENTIFICACIÓN | REFORZO PARA INSTALACIÓNS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, DEPÓSITO CAMIÑO A GUNTÍN E HIDRÁNTES EN RIBASPEQUENAS, VER, CHORENTE, GUNTÍN, XULIÁN, PARQUE EMPRESARIAL 1 E 2 , BÓVEDA (FILGUEIRA) E RUBIÁN (RÚA CELTA), INCLUÍDO HONORARIOS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 62.440,96 | | 62.440,96 | | X | |

Por acordo da Xunta de Goberno de data 04 de xaneiro de 2019, concedeuse unha prórroga ao Concello de Bóveda para a adxudicación de investimentos incluídos no Plan único 2018, nos seguintes termos:

| INVESTIMENTO | | CONCELLO | PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA |
|---|---|---|---|
| Nº | IDENTIFICACIÓN | | |
| 37 | MELLORA DE ACCESOS A REMESAR, LÍMITE MUNICIPAL Á LU-611 POR PORTAXE, CAMIÑO DE LU-611 A RAÍÑA, DE LU-0903 A LU-0905, DE LU-0903 A OUTEIRO, LAMELA-VER, AVDA. ALFONSO VIII-CAMIÑO DO CANAL, VER, RIBAS PEQUENAS-CHORENTE, GUNTÍN, VILABOA-XULIÁN, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS | BÓVEDA | 27/02/2019 |
| 38 | REFORZO PARA INSTALACIÓNS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, DEPÓSITO CAMIÑO A GUNTÍN E HIDRÁNTES EN RIBASPEQUENAS, VER, CHORENTE, GUNTÍN, XULIÁN, PARQUE EMPRESARIAL 1 E 2 , BÓVEDA (FILGUEIRA) E RUBIÁN (RÚA CELTA), INCLUÍDO HONORARIOS | | 27/02/2019 |

A Alcaldía do Concello de Bóveda, a través de escrito con rexistro de entrada nº 3110, de data 14 de febreiro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do

contrato, de proceder, do investimento que deseguido se indica, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica " ...recibíndose o 01 de febreiro de 2019 informe favorable ... e tendo en conta o cumprimento dos prazos establecidos na lexislación vixente en materia de contratación..." ata o prazo que se sinala:

| INVESTIMENTO | | PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA |
|---|---|---|
| Nº | IDENTIFICACIÓN | |
| 38 | REFORZO PARA INSTALACIÓNS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, DEPÓSITO CAMIÑO A GUNTÍN E HIDRÁNTES EN RIBASPEQUENAS, VER, CHORENTE, GUNTÍN, XULIÁN, PARQUE EMPRESARIAL 1 E 2 , BÓVEDA (FILGUEIRA) E RUBIÁN (RÚA CELTA), INCLUÍDO HONORARIOS | 22/04/2019 |

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello de Bóveda, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, "os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello".

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga ao Concello de Bóveda para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos do referido investimento, concreto e numerado, incluído no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.-Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Bóveda, e, en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación do investimento indicado deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV).

| INVESTIMENTO | | CONCELLO | PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA |
|---|---|---|---|
| Nº | IDENTIFICACIÓN | | |
| 38 | REFORZO PARA INSTALACIÓNS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, DEPÓSITO CAMIÑO A GUNTÍN E HIDRÁNTES EN RIBASPEQUENAS, VER, CHORENTE, GUNTÍN, XULIÁN, PARQUE EMPRESARIAL 1 E 2 , BÓVEDA (FILGUEIRA) E RUBIÁN (RÚA CELTA), INCLUÍDO HONORARIOS | BÓVEDA | 22/04/2019 |

**2º**.-Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE LÁNCARA, O VALADOURO E COSPEITO, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Láncara, O Valadouro e Cospeito no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018,

fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establecese "As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello …"

Segundo o establecido na base 18, "Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)".

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación. Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican:

Concello de Láncara

O Concello de Láncara presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

| Nº obra | IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | BAIXA € DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| 119 | MELLORA ALUMEADO PÚBLICO NO RURAL DE LÁNCARA: TOIRÁN, VILARELLO, LÁNCARA, OS VAOS, ARMEA DE ABAIXO, LAMA, TOUBILLE, LAXES, POUSADELA, RONFE, SAN XOAN DE MURO, VILAMBARÁN, SAN MARTIÑO DE OLEIROS, OLEIROS, LARÍN, ARMEA DE ARRIBA, VILELA DE ABAIXO E VILELA DE ARRIBA, CABEZAIS, ARMILÁN-TOLDAOS, VILÁDIGA, SOBRERRIBA, VILAESTEBA, VILARÍN, A CORTELLA, A CANCELA, (segundo coordenadas UTM) , INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1650 762 | 54.296,02€ |
| 120 | CONSTRUCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO LAMA EN SANTA MARÍA DE LAMA, INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1531 762 | 13.539,40€ |

Así mesmo, por escrito de data 31 de xaneiro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 " ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…" nas seguinte actuación relacionada, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|
| AMPLIACIÓN DE DOUS PUNTOS DE LUZ EN VEIGA DE OUTEIRO EN LÁNCARA, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS | 2018 1650 762 | 2.238,71€ | 162,53€ | 2.401,24€ |
| AMPLIACIÓN DE ALUMEADOS EN NEIRA DE CABALEIROS, VILALEO, TRASLISTE, MURO, RONFE, SANMAMEDE, A CUBELA, SAN MARTIÑO DE OLEIROS, O CUBEIRO, CAMPOS E LAMA EN ARMEA DE ABAIXO, O COUSIÑO, AUGALEVADA E FONDO DE VIGO DE GALEGOS, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS | 2018 1650 762 | 30.975,33€ | 2.248,81€ | 33.224,14€ |
| AMPLIACIÓN, MANTEMENTO E REPOSICIÓN DE ALUMEADOS EN A POBRA DE SAN XIAO, INLCUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS | 2018 1650 762 | 10.642,70€ | 772,66€ | 11.415,36€ |
| CONTROL E DOTACIÓN DE MEDIDAS ACTIVAS E PASIVAS DE SEGURIDADE EN CADROS XERAIS DE ALUMEADOS PÚBLICOS EN 29 LUGARES DE LÁNCARA, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS | 2018 1650 762 | 10.439,27 | 757,90€ | 11.197,17€ |
| MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO DE SOUTO A MONTIXO, INCLUÍDOS HONORARIOS FACULTATIVOS | 2018 1531 762 | 13.539,40€ | 872,64€ | 14.412,04€ |

Concello de O Valadouro

O Concello de O Valadouro presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

| Nº obra | IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | BAIXA € DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| 296 | REVESTIMENTO NICHOS DO CEMITERIO MUNICIPAL | 2018 3340 762 | 290,25€ |

Así mesmo, por escrito de data 08 de febreiro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 "... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…" nas seguinte actuación relacionada, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|
| COLOCACIÓN DE PLACAS DE NUMERACIÓN E GRAVACIÓN EN PEDRA NOS NICHOS DO CEMITERIO MUNICIPAL | 2018 3340 762 | 290,25€ | 1.079,95€ | 1.370,20€ |

Concello de Cospeito

O Concello de Cospeito presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

| Nº obra | IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | BAIXA € DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| 76 | MELLORA DE ACCESOS ÓS BARRIOS DE O MONTE (BESTAR), SISOI (SISOI), REGUEIRA (COSPEITO) E O POZO (MUIMENTA), (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1531 762 | 18.076,33€ |
| 77 | MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DA IGLESIA DE RIOAVESO A BARRIO DE TENENCIA DE RIOAVESO, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1531 762 | 4.142,89€ |
| 78 | ALUMEADO EXTERIOR FONTESALGUEIRA E PORTO EN PINO , INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1650 762 | 28.271,53€ |
| 79 | ALUMEADO EXTERIOR VILASUSO EN SEIXAS, INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1650 762 | 11.013,49€ |
| 80 | ALUMEADO EXTERIOR ZONA IGLESIA DE SAN MARTIÑO EN PINO, INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1650 762 | 4.651,87€ |

Así mesmo, por escrito de data 06 de febreiro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…” nas seguinte actuación relacionada, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|
| MELLORA DO FIRME DA VÍA DE COMUNICACIÓN PISTA DO VINCALLO (COSPEITO) | 2018 1531 762 | 10.078,27€ | -- | 10.078,27€ |
| PAVIMENT. AVDA. RÍO TÁMOGA DENDE A RÚA DE ACCESO AO CUARTEL ATA A AVDA DE VERIA | 2018 1531 762 | 12.140,95€ | 2.481,05€ | 14.622,00€ |
| ALUMEADO EXTERIOR O TEXEIRO, OS CARBALLIÑOS, RUA NOVA E GRANDAMEÁ EN ROAS | 2018 1650 762 | 43.936,89€ | 8.863,11€ | 52.800,00€ |

Tendo en conta as solicitudes dos concellos anteriormente indicados, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das bases reguladoras do

Plan único 2018, "Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial…".

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos concellos, no Plan Único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado polas alcaldías dos Concellos de Láncara, O Valadouro e Cospeito e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

| IDENTIFICACIÓN | CONCELLO | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|
| 932.022.700 | 2019 | 19.670,45 |
| 932.022.700 | 2020 | 26.227,27 |
| 932.022.700 | 2021 | 26.227,27 |
| 932.022.700 | 2022 | 6.556,82 |
| SUMA | | 78.681,80 |
| SANTA MARIA Nº 2 (ARTESANIA) | | |
| APLICACIÓN | ANUALIDADE | IMPORTE |
| 241.322.700 | 2019 | 97.402,03 |
| 241.322.700 | 2020 | 129.869,38 |
| 241.322.700 | 2021 | 129.869,38 |
| 241.322.700 | 2022 | 32.467,34 |
| SUMA | | 389.608,13 |
| SANTA MARIA Nº 3 (VIAS E OBRAS) | | |
| APLICACIÓN | ANUALIDADE | IMPORTE |
| 4500,227 | 2019 | 39.925,02 |
| 4500,227 | 2020 | 53.233,35 |
| 4500,227 | 2021 | 53.233,35 |
| 4500,227 | 2022 | 13.308,34 |
| SUMA | | 159.700,06 |
| SUMA LOTE II | | 627.990,00 |

**4º.-** Publicar na plataforma de contratación do estado, á que se pode acceder a través da páxina web da Deputación Provincial de Lugo, no menú servizos- perfil do contratante. (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar ós interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 63 e 151 do LCSP.

**5º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DES PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DOCE VEHÍCULOS (NOVE COMERCIAIS E TRES TODO CAMIÑO) PARA O PARQUE MÓBIL PROVINICAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de doce vehículos (nove comerciais e tres todo camiño) para o parque móbil provincial.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

Recóllese na cláusula 2.2 do PCAP, que "o contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o obxecto a adquisición de produtos".

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida. Na cláusula primeira do PCAP defínese o réxime xurídico aplicable á contratación.

O contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor calidade prezo, a teor do establecido no artigo 156 da LCSP, excluíndo toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula décimo segunda do PCAP.

Tal e como dispón o artigo 22.2 da LCSP, desenvolto pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro a contratación non está suxeita a regulación harmonizada, sendo que o valor estimado é de 184.050,00 euros.

De acordo co previsto no art. 99 da LCSP, e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, prevese a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en dous lotes.

A división en lotes, das prestacións, ten por obxecto fomentar a concorrencia e a participación das pemes na licitación.

Cada lote constituirá un único contrato, de modo que é susceptible de adxudicación independente. No caso de xurdiren incidencias ou demoras na tramitación da adxudicación dalgún dos lotes poderá continuar a tramitación dos restantes, incluída a formalización.

O orzamento base de licitación integrado por base e IVE ascende á cantidade de 205.276,50 euros, atendendo ao seguinte desglose:

| LOTE | ORZAMENTO | IVE | TOTAL |
|---|---:|---:|---:|
| Lote I: 9 Vehículos comerciais | 118.350,00 € | 24.853,50 € | 143.203,50 € |
| Lote II: 3 Vehículos todo camiño | 51.300,00 € | 10.773,00 € | 62.073,00 € |
| TOTAL | 169.650,00 € | 35.626,50 € | 205.276,50 € |

Segundo se recolle no informe de custos remitido polo parque móbil, para a fixación do orzamento de licitación coidouse que fora axeitado aos prezos de mercado e tivéronse en conta todos os custos directos (fabricación) e indirectos (transporte, comercialización, asistencia post-venta e garantía, impostos, taxas e demais gastos) así coma o beneficio industrial de acordo co estipulado no artigo 100.2 da LCSP.

No PPT se especifica, para cada lote, o orzamento de cada vehículo e o prezo mínimo da retirada, que ascende a:

| | |
|---|---|
| LOTE I: 9 Vehículos comerciais | 10.800,00 € |
| Lote II: 3 vehículos Todo camiño | 3.600,00 € |
| TOTAL | 14.400,00 € |

Segundo o Informe de Intervención de data 20 de febreiro de 2019, para financiar a cantidade de 190.876.50 € IVE engadido (unha vez deducido e importe dos vehículos usados) figura crédito dispoñible suficiente no vixente orzamento de gastos, segundo o detalle seguinte:

| IMPORTE | APLICACIÓN | APUNTE |
|---|---|---|
| 176.722,03 | 9201.63455 | A.: 22018/22424 |
| 14.154.47 | 9201.634 | RC.: 22019/2824 |

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan na proposta de inicio do expediente e na cláusula 2.1 do PCAP que recolle que: “En síntese, as necesidades administrativas a satisfacer mediante este contrato son as que constan relacionadas no Informe sobre a necesidade da contratación, emitido polo Xefe do Parque Mobil, e que obra no expediente; a saber: “renovar parte da frota de vehículos existente, pola súa obsolescencia, o elevado número de quilómetros e o baixo rendemento debido ás continuas avarías e gastos que conleva a súa reparación. Os vehículos son imprescindibles para o desenvolvemento das actividades institucionais, posto que prestan servizo tanto para o parque móbil como para o resto dos departamentos da Deputación, para traslado de distintos obxectos e materiais e para vixiar o estrado das estradas provinciais, principalmente na montaña”.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

En canto aos recursos, debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que nos contratos de subministración de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do artigo 44), cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no seu apartado 2º.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do artigo 44, apartado 1º e 2º da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º**.- Aprobar a contratación da subministración de doce vehículos (nove comerciais e tres todo camiño) para o parque móbil provincial, dividida nos seguintes lotes:

| |
|---|
| LOTE I: 9 Vehículos comerciais |
| Lote II: 3 Vehículos todo camiño |

**2º**.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

**3º**.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**4º**.- Aprobar o orzamento de licitación orzamento de licitación, integrado por base e IVE ascende á cantidade de 205.276,50 euros, atendendo ao seguinte desglose:

| LOTE | ORZAMENTO | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| LOTE I: 9 Vehículos comerciais | 118.350,00 € | 24.853,50 € | 143.203,50 € |
| Lote II: 3 Vehículos todo camiño | 51.300,00 € | 10.773,00 € | 62.073,00 € |
| TOTAL | 169.650,00 € | 35.626,50 € | 205.276,50 € |

De este importe deducirase a cantidade correspondente á entrega dos vehículos usados, que como mínimo ascenderá a :

| | |
|---|---|
| LOTE I: 9 Vehículos comerciais | 10.800,00 € |
| Lote II: 3 vehículos Todo camiño | 3.600,00 € |
| TOTAL | 14.400,00 € |

**5º.-** Aprobar o gasto por importe de 190.876.50 € IVE engadido (importe resultante unha vez deducido e importe dos vehículos usados)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- SEGUNDA FASE DE LIQUIDACIÓN DE ENCARGOS A SUPLUSA, ANTERIORES Á PÉRDIDA DE CONDICIÓN DE MEDIO PROPIO, CON ENTREGA DE RESULTADOS: CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, RIBAS DE SIL, MEIRA E NAVIA DE SUARNA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o Informe conxunto do Servizo de Contratación e Fomento e da Sección de Benestar Social e Igualdade, no que se recollen as seguintes consideracións:

Antecedentes.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación, en sesión celebrada o día 9 de marzo de 2018, declarouse a perda da condición de medio propio de SUPLUSA.

Nesa mesma sesión, intimouse a SUPLUSA para a entrega da titularidade xurídica e da posesión de todos os bens que afecten ou constitúan as residencias e/ou centros de día, entre outras, dos Concellos de:

Ribas de Sil.

Pedrafita do Cebreiro.

A sociedade SUPLUSA non deu cumprimento ao requirimento efectuado, en relación cos centros destes Concellos, aínda que o foi executando, fora de prazo e parcialmente, tendo que acudir á vía da execución forzosa nalgunha actuación material, en relación cos centros de Trabada, A Fonsagrada, Pol e Castroverde.

A continuidade do encargo limitábase a rematar a construción deses centros de atención a persoas maiores, iniciados.

En relación con eses centros, instábase a correspondente liquidación económica.

SUPLUSA non efectuou os trámites necesarios para recuperar a condición de medio propio, tal e como se constatou pola propia Xunta de Goberno, en sesión de 27 de xullo de 2018, na que se acordou:

Declarar que, a esta data, SUPLUSA non recuperou a condición de medio propio para o que resultaba preciso cumprir os requisitos necesarios fixados nos artigos 32 LCSP e 86 LRXSP, e enunciados no informe de Intervención de data 4 de maio deste ano:

Dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social.

Concorrer algunha das dúas circunstancias seguintes:

Ser una opción máis eficiente ca contratación pública e resulte sustentable e eficaz, aplicando criterios de rendibilidade económica.

Resulte necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.

A denominación da entidade coa condición de medio propio deberá figurar necesariamente "Medio Propio" ou a súa abreviatura "M.P.".

A existencia dun control directo análogo ao que ostentaría sobre os seus propios servizos ou unidades.

Aprobar as tarifas pola Xunta de Goberno da Deputación, para a compensación ou retribución económica con aplicación a unidades de execución dos encargos.

Adaptar os estatutos a actual LCSP 2017, en concreto ó disposto no artigo 32.2.d), para o que existe un prazo de 6 meses dende a entrada en vigor da Lei.

Á data deste informe non só non recuperou a condición de medio propio, senón que non adaptou os seus estatutos sociais as novas esixencias legais, superado amplamente o prazo establecido ao efecto pola D.T. 4º da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En canto a necesidade de comprobación da execución dos encargos, téñense emitido informes –con anterioridade-, nomeadamente o informe conxunto da Secretaría Xeral e o servizo de Contratación e Fomento de data 15 de outubro de 2018, a cuxo contido nos remitimos.

Tanto o artigo 24.6 do TRLCSP, aprobado polo RD 3/2011, do 14 de novembro, como o art. 32.2 letra a) da LCSP/2017 establecen que os encargos son de execución obrigatoria para os entes destinatarios ao existir un control análogo ao que se ostentaría sobre os propios servizos ou unidades.

Sobre a necesidade de comprobación dos resultados do encargo tense manifestado a Intervención Xeral do Estado, de forma clara e contundente, así en:

Informe de la IGAE de 30 de julio de 2009, por el que se resuelve consulta sobre la necesidad de solicitar representante del Interventor General de la Administración del Estado para la comprobación de las prestaciones encomendadas”.

Doutra parte, invócase, como norma de referencia para os encargos a medios propios, pola doutrina (ver “El iter procedimental de los expedientes de encomiendas de Gestión tramitados por la AGE”, Santacana Gómez, en Revista Española de Control Externo nº 31 de 2009), o artigo 179 do RD 1098/2001, polo que se aproba o RXLCAP, ao sinalar:

Comprobación, recepción e liquidacións das obras executadas pola Administración.

As obras executadas pola Administración serán obxecto de recoñecemento e comprobación polo facultativo designado para o efecto e distinto do director delas. Cando o importe do investimento sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, deberá solicitarse á Intervención Xeral a designación de delegado para a súa eventual asistencia á comprobación material do investimento, cunha antelación de vinte días á data prevista para a mesma. O anterior será de aplicación aos supostos de fabricación de bens mobles pola Administración e execución de servizos coa colaboración de empresarios particulares.

A liquidación das obras executadas pola Administración e as executadas por colaboradores de acordo co parágrafo a) do artigo 176 deste Regulamento, realizarase mediante os oportunos xustificantes dos gastos realizados por todos os conceptos.

A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co parágrafo b) do artigo 176 deste Regulamento, realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual onde figure o prezo concertado.

Esta disposición non ten carácter básico para a administración local, pero serve para autointegrar o ordenamento xurídico.

No que atinxe á incorporación ao inventario dos resultados do encargo, sen prexuízo doutra normativa específica, indicar a previsión contida no artigo 173 do citado RXLCAP (non básico) e referido –iso si- aos trámites de recepción de obras que neste asunto non se da formalmente, senón referida a comprobación do resultado; en calquera caso, enténdese que o resultado irá seguido da correspondente incorporación ao inventario.

As Bases de Execución do Orzamento para 2019, base nº 36, apartado 1.3.12 (Expedientes de execución de traballos pola propia administración. Encargos a medios propios personificados previstos no art. 32 da LCSP), establece unha previsión específica sobre a liquidación de encargos.

Non obstante, hase considerar a Disposición transitoria primeira destas Bases de Execución do Orzamento/2019, ao establecer:

No ámbito da fiscalización en materia de contratos e encomendas a medios propios aplicaranse transitoriamente as Bases de Execución 2018 inicialmente aprobadas, cando sexa de aplicación a normativa anterior á LCSP.

En definitiva, aplícase o apartado 1.3 14, letra c) das Bases de Execución do Orzamento de 2018 que, en relación ao aboamento dos traballos, realizados en virtude de encargo precisa:

Que se acompaña liquidación económica total ou parcial da encomenda comprensiva das certificacións ou documentos acreditativos da realización das obras, servizos ou subministros.

Que existe informe favorable da execución dos traballos emitido pola unidade administrativa xestora correspondente.

No seu caso, que se cumpren os extremos incluídos no acordo de encargo da encomenda.

A maior afondamento, como norma especial na que anclar a necesaria comprobación, está o RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, con especial mención ao sinalado no artigo 20, ordenando a intervención material da comprobación do investimento, complementado pola resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración Estatal (BOE de 2 de agosto), no apartado de encargos a medios propios personificados previstos no artigo 32 da LCSP/2017, aplicable por remisión do art. 13.2 letra C do citado RD de control interno nas entidades do sector público, xunto coa Circular da Intervención de data 12 de setembro de 2018, sobre recepción de investimentos.

Resulta necesario entregar, en relación a cada un dos centros, a certificación final da obra, o libro do edificio coa información establecida na normativa de aplicación, os trámites administrativos realizados en canto ás autorizacións esixidas para a posta en funcionamento de cada un dos centros, os resultados xurídicos e materiais do encargo e a liquidación económica.

En canto ao libro do edificio, o seu contido está regulado na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación; no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de Edificación; no Real Decreto 47/2007, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o Procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción; no Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios; o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e demais normativa de aplicación.

Ao fin da comprobación dos resultados, debe articularse a correspondente inspección e comprobación por técnicos coa debida habilitación profesional, así como a comprobación material do investimento pola Intervención Provincial.

A actividade administrativa obxecto deste informe, sustentase no principio xeral de eficacia administrativa, servizo a cidadanía ( entre outros do Artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro);

tamén no impulso necesario aos procedementos administrativos, consonte ao artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O órgano competente, para adoptar os acordos relativos a este asunto, é a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no exercicio das funcións de tutela e conforme aos acordos adoptados por este órgano con carácter precedente:

Declaración da perda da condición de medio propio de SUPLUSA respecto da Deputación Provincial de Lugo, acordada en sesión ordinaria celebrada o 9 de marzo de 2018.

Declaración de que SUPLUSA non recuperou a condición de medio propio, acordada en sesión de 27 de xullo de 2018.

Toma de razón da entrega dos resultados da encomenda para a construción dos centros de atención a persoas maiores, acordada en sesión de 15 de outubro de 2018."

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Requirir a SUPLUSA para que no prazo máximo de dez días, remita á Deputación:

Certificación final das obras dos Centros de Atención a Maiores de Pedrafita do Cebreiro, Ribas de Sil, Meira e Navia de Suarna, con relación valorada e planos do estado de execución final.

O Libro do edificio de cada un deses centros, que incorporará, como mínimo, a seguinte información:

O proxecto, coa incorporación, no seu caso, das modificacións debidamente aprobadas (LOE, art. 7) (este proxecto será facilitado ao promotor polo director da obra, para a formalización dos correspondentes trámites administrativos);

Acta de recepción (LOE, art. 7);

Relación identificativa dos axentes que interviñeron durante o proceso de edificación (LOE, art. 7 -Lei 4/2003, art. 29, para vivendas);

Documentación relativa ás instrucións de uso e mantemento do edificio e as súas instalacións, de conformidade coa normativa que lle sexa de aplicación (LOE, art. 7-RD1027/2007, art. 24);

Plan de mantemento do edificio coa planificación das operacións programadas para o mantemento do edificio e as súas instalacións (Parte I CTE, art. 8);

Documentación indicada no art. 7.2 da Parte I do CTE sobre o control de recepción en obra de produtos, equipos e sistemas, que comprende o control da documentación das subministracións, o control mediante distintivos de calidade e avaliacións técnicas de idoneidade e o control mediante ensaios (Parte I CTE, art. 8);

Certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado (RD 47/2007, art. 7);

Proxecto ou memoria técnica da instalación térmica realmente executada (RD 1027/2007, art. 24);

Relación de materiais e equipos realmente instalados (nas instalacións térmicas), nas que se indiquen as súas características técnicas e de funcionamento ( RD 1027/2007, art. 24);

Documentación de orixe e garantía dos materiais e equipos do punto anterior (RD 1027/2007, art. 24);

Resultados das probas de posta en servizo das instalacións térmicas, realizadas de acordo coa IT 2 (RD 1027/2007, art. 24);

Certificado da instalación (ou instalacións) térmica, rexistrado no órgano competente da Comunidade Autónoma (RD 1027/2007, art. 24);

Certificado da inspección inicial da instalación (ou instalacións) térmica, cando sexa preceptivo (RD 1027/2007, art. 24);

Unha copia do Libro de Subcontratación debidamente cumprimentado ( RD 1109/2007, art. 16) (esta copia será entregada polo contratista ao Director de Obra, para que a incorpore ao Libro do Edificio);

Documentación de todas as actuacións, xa sexan de reparación ou reforma, realizadas na o instalación (ou instalacións) térmica, así como as relacionadas co fin da vida útil da mesma ou os seus equipos (RD 1027/2007, art. 25) (esta documentación será responsabilidade do titular da instalación).

Substitutivamente, aquela documentación e/ou información con contido equivalente aos documentos relacionados con anterioridade, con independencia do seu nome.

Certificado final de obra.

Toda a documentación necesaria para a declaración de obra nova, incluídas as licencias urbanísticas e proxectos de execución, coas súas modificacións, de existiren.

Ensaios acústicos.

Trámites realizados, en relación coas autorizacións administrativas necesarias para a posta en funcionamento de cada un destes Centros de Atención a Maiores, con especial mención aos expedientes tramitados ao abeiro do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime, rexistro, autorización e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

Entrega de resultados, tanto na súa dimensión xurídica como material.

Liquidacións económicas.

**2º.-** Unha vez recibida a documentación precedente, procederase, por funcionarios da área técnica (facultativa) coa debida habilitación profesional, sen prexuízo doutras colaboracións, á inspección e comprobación final do construído, así como da concordancia entre o construído e o proxecto para o que obtivo licenza urbanística e, no seu caso, dos seus modificados.

**3.-** A Intervención Xeral, con ocasión de inspección indicada no apartado precedente, procederá á comprobación material dos investimentos, en aplicación do establecido polo Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, complementado pola Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención da Administración do Estado (BOE núm. 186 de 2 de agosto de 2018) e nas Bases de Execución do Orzamento vixentes.

**4º.-** Advírtese a SUPLUSA que, no caso de non cumprir voluntariamente co ordenado nos anteriores apartados, procederase á execución subsidiaria, como medio de execución forzosa, de acordo co previsto no artigo 102, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais disposicións de concordante aplicación, aplicando as medidas administrativas e técnicas requiridas en cada caso”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE ADQUISICIÓN POR MUTUO ACORDO, DE BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA: FONSAGRADA.-ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 "FONSAGRADA (LU-530)-NAVIA (LU-722)", P.Q. 0,000 AO 4,350.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial:

Visto que na Sesión da Xunta de Goberno desta Deputación celebrada o día 25 de maio de 2018, tense aprobado reglamentariamente o proxecto técnico correspondente á obra máis arriba meritada, incluido o plano parcelario e relación de bens e dereitos afectados e, asemade, foi requerida a iniciación do expediente expropiatorio a tramitar para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución da devandita obra.

Vista a relación de bens e dereitos afectados para a execución da mencionada obra, e resultando que a adquisición de tales bens pode efectuarse por mutuo acordo a tenor do disposto no artigo 24 da Ley de Expropiación Forzosa, para a sua aplicación e o haber chegado a un acordo común entre as partes, o Deputado que suscribe, propón a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º**.-Adquirir por mutuo acordo entre esta Administración e os afectados, pola obra : FONSAGRADA.-Acondicionamento LU-P-1901 "Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)". P.Q. 0,000 ao 4,350, os bens que a continuación se reflicten:

| Nº Parcela | Titular/Titulares | Importe |
|---|---|---|
| 5-a | Carlos López López | 506,11 € |
| 5-b | Rogelia López Gegunde | 506,11 € |
| 10 | Elisa Álvarez Rancaño | 648,14 € |
| 13 | Emilio Rodríguez Canel e María Inés Rodríguez Rancaño | 408,47 € |
| 19 | Pascasio Manuel María Pérez Fernández | 5.557,93 € |
| 20 | Hortensio Gómez Álvarez | 305,05 € |
| 21 | Hortensio Gómez Álvarez | 521,08 € |
| 23 | Emilio Rodríguez Canel e María Inés Rodríguez Rancaño | 244,32 € |

| | | |
|---|---|---|
| 24 | Emilio Rodríguez Canel e María Inés Rodríguez Rancaño | 2.577,28 € |
| 25 | Dolores López Álvarez | 2.647,43 € |
| 27 | Aquilino, María Filomena e José M. López Gómez, Carmen Gadramán Fernández, Pedro e Marcos Antonio López Gadramán | 422,10 € |
| 28 | Dolores López Álvarez | 1.344,51 € |
| 30 | Primitivo Pérez Fernández | 182,70 € |
| 31 | Dolores López Álvarez | 2.183,21 € |
| 34 | Aquilino, María Filomena e José M. López Gómez, Carmen Gadramán Fernández, Pedro e Marcos Antonio López Gadramán | 1.085,80 € |
| 36 | Dolores López Álvarez | 972,59 € |
| 37 | Pascasio Manuel María Pérez Fernández | 1.506,70 € |
| 38 | Manuel María e Atilano Herrero Fernández | 993,01 € |
| 39 | Pascasio Manuel María Pérez Fernández | 7.590,69 € |
| 47 | Elisa Álvarez Rancaño | 102,15 € |
| 48 | Aquilino, María Filomena e José M. López Gómez, Carmen Gadramán Fernández, Pedro e Marcos Antonio López Gadramán | 102,90 € |
| 49 | Victor Álvarez Fernández | 103,62 € |
| 51 | Pascasio Manuel María Pérez Fernández | 6.377,40 € |
| 52 | Manuel María e Atilano Herrero Fernández | 265,32 € |
| 53 | José López Díaz | 110,25 € |
| 60 | Manuel María e Atilano Herrero Fernández | 116,85 € |
| 61 | José López Díaz | 58,80 € |
| 64 | Elisa Álvarez Rancaño | 80,10 € |
| 65 | Dolores López Álvarez | 88,56 € |
| 66 | Victor Álvarez Fernández | 75,69 € |
| 67 | Victor Álvarez Fernández | 41,16 € |
| 70 | José López Díaz | 2.966,83 € |
| 74 | Manuel María e Atilano Herrero Fernández | 36,75 € |
| 75 | José López Díaz | 127,92 € |
| 78 | Domitila e José Manuel Álvarez Ron | 243,96 € |
| 82 | Manuel María e Atilano Herrero Fernández | 180,28 € |
| 83 | José López Díaz | 229,39 € |
| 91 | Domitila e José Manuel Álvarez Ron | 299,80 € |
| 93 | Manuel María e Atilano Herrero Fernández | 2.142,52 € |
| 94 | José María Álvarez Álvarez | 8.003,96 € |
| 95 | Victor Álvarez Fernández | 227,09 € |
| 96 | Domitila e José Manuel Álvarez Ron | 17,64 € |
| 97 | Elisa Álvarez Rancaño | 60,27 € |
| 98 | Victor Álvarez Fernández | 262,34 € |
| 103 | Domitila e José Manuel Álvarez Ron | 8.471,96 € |
| 104 | Pédro, Ana María, Santiago, Pablo e Juan M. Fernández Contí, Concepción Valcarce Saavedra, María Elena e Candido Buenaventura Fernández Valcarce | 1.794,42 € |
| 105 | Victor Álvarez Fernández | 7.414,26 € |
| 106 | Estela Lucía Fernández Álvarez | 623,70 € |
| 108 | Domitila e José Manuel Álvarez Ron | 783,70 € |
| 109 | Pédro, Ana María, Santiago, Pablo e Juan M. Fernández Contí, Concepción Valcarce Saavedra, María Elena e Candido Buenaventura Fernández Valcarce | 2.564,33 € |
| 110 | José Fernández García | 9.556,14 € |
| 115 | Julio Pereira Arias | 1.119,01 € |
| 117 | Julia Fernández Couso | 1.933,22 € |

| | | |
|---|---|---|
| 118 | Eva e Alberto Muiña Pérez | 1.522,02 € |
| 119 | Julia Fernández Couso | 1.358,96 € |
| 120 | Julio Pereira Arias | 721,77 € |
| 123 | Julio Pereira Arias | 365,53 € |
| 124 | Bernardo López Díaz | 2.892,61 € |
| 126 | Pédro, Ana María, Santiago, Pablo e Juan M. Fernández Contí, Concepción Valcarce Saavedra, María Elena e Candido Buenaventura Fernández Valcarce | 15.067,59 € |
| 127 | Pédro, Ana María, Santiago, Pablo e Juan M. Fernández Contí, Concepción Valcarce Saavedra, María Elena e Candido Buenaventura Fernández Valcarce | 2.206,97 € |
| 128 | Pédro, Ana María, Santiago, Pablo e Juan M. Fernández Contí, Concepción Valcarce Saavedra, María Elena e Candido Buenaventura Fernández Valcarce | 13.026,63 € |
| 129 | María Fe López Díaz | 4.235,93 € |
| 130 | Julio Pereira Arias | 1.702,59 € |
| 132 | Julio Pereira Arias | 158,76 € |
| 133 | Carmen Cordo Fernández | 30,87 € |
| 137 | Manuela Vázquez Pérez | 52,71 € |
| 140-b | Ayuntamiento da Fonsagrada | 3.198,40 € |
| 140 | Pédro, Ana María, Santiago, Pablo e Juan M. Fernández Contí, Concepción Valcarce Saavedra, María Elena e Candido Buenaventura Fernández Valcarce | 1.009,10 € |
| 141 | Julia Fernández Couso | 213,42 € |
| 142 | Manuela Vázquez Pérez | 1.377,91 € |
| 143 | Oliva López Díaz | 1.240,12 € |
| 144 | Eva e Alberto Muiña Pérez | 442,76 € |
| 146 | Carmen Cordo Fernández | 390,05 € |
| 148 | Oliva López Díaz | 4.117,12 € |
| 152 | Eva e Alberto Muiña Pérez | 2.666,27 € |
| 153 | Eva e Alberto Muiña Pérez | 688,32 € |
| 155 | Medardo Monteagudo López, Francisco, Carmen, Manuel e Marisa Fernández Álvarez e José Sánchez Acevedo | 2.373,98 € |
| 156 | Medardo Monteagudo López, Francisco, Carmen, Manuel e Marisa Fernández Álvarez e José Sánchez Acevedo | 738,84 € |
| 157 | Primitivo Pérez Fernández | 5.350,80 € |
| | Suma: | 153.935,55 € |

**2º.-** Proceder ao pagamento dos mutuos acordos acadados e, posteriormente, ao levantamento de actas de ocupación, dando por concluída a adquisición dos bens arriba mencionados".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DOS TITULARES DAS ADXUDICACIÓNS APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN CELEBRADA O 29 DE XUÑO DE 2018, NO PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DUN**

**TERREO PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES NO CONCELLO DE A PONTENOVA.**

Logo de ver o informe-proposta do seguinte teor:

“En relación ao asunto de referencia constan no expediente tramitado aos efectos os seguintes:

Antecedentes de feito:

1º.- Consta no procedemento o seguinte informe:

“Visto o acordo da Xunta de Goberno celebrada o 29.06.2018 do seguinte teor:

A) Adxudicar o procedemento para a adquisición dun terreo para a construción dun Centro de Atención a Maiores no Concello de A Pontenova ao conxunto de parcelas formado polos titulares e parcelas inscritas no Rexistro da Propiedade, coas superficies e prezos seguintes:

| Titular | Parcela catastral | Superficie | Prezo $m^2$ | Prezo total |
|---|---|---|---|---|
| Manuel Veiga Trevín | 6507001PJ4060N0001FK | 155$m^2$ | 60 €/m | 9.300 € |
| Ana María Vidal Calvo<br>Elías Vidal Calvo | 6507004PJ4060N0001kK | 296,50$m^2$ | 60 €/m | 17.790 € |
| Antonio Rico García<br>Paz Rodríguez Trevín | 6507007PJ4060N0001XK | 225$m^2$ | 60 €/m | 13.500 € |
| Ramón López Veiga | 6507009PJ4060N0001JK | 175$m^2$ | 60 €/m | 10.500 € |
| Venancio López López<br>Francisca Luz Divina Moreda | 6507010PJ4060N0001XK | 140$m^2$ | 60 €/m | 8.400 € |
| Manuel Campos Veiga | 6507008PJ4060N0001IK | 251 $m^2$ | 60 €/m | 15.060 € |
| Angelina Méndez Gallo | 6507003PJ4060N0001OK | 226$m^2$ | 60 €/m | 13.560 € |
| Regina Trevín Pardo<br>Jesús Rodríguez Rodríguez | 6507005PJ4060N0001RK | 437,50$m^2$ | 60 €/m | 26.250€ |

B) Antes do pagamento e da formalización en escritura pública das devanditas adquisicións a favor desta Deputación Provincial, acreditarase a liberación das afeccións urbanísticas e fiscais."

2º.- En dito acordo concorren diversas situacións, polo que se refire aos adxudicatarios do procedemento, dado que o acordo provincial designa adxudicatarios aos titulares das parcelas inscritas no Rexistro da Propiedade.

Non obstante, algúns dos licitadores presentados no citado procedemento non son os titulares rexistrais das parcelas, senón que:

- din actuar en representación dos titulares rexistrais e,

- concorren na súa condición de sucesores da dita propiedade

De todo o exposto consta que a situación xurídica das parcelas e dos seus titulares, e a seguinte:

- Parcela catastral 6507001PJ4060N0001FK adxudicada a favor de Elías Veiga Rigueiro segundo escritura pública de adxudicación de herdanza formalizada en Lugo ante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias o 9 de maio de 2018 e número 1598 do seu protocolo. Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada o 30 de novembro de 2018.

- Parcela catastral 6507007PJ4060N0001XK adxudicada a favor de José Rico Rodríguez, Fermín Rico Rodríguez e Modesta Rico Rodríguez por terceiras partes indivisas segundo escritura pública de adxudicación de herdanza formalizada na Pontenova ante o notario J. Fernando Ribes García o 13 de novembro de 2018 e número 766 do seu protocolo. Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada o 4 de decembro de 2018.

- Parcela catastral 6507008PJ4060N0001IK adxudicada inicialmente a Manuel Campos Veiga.

En relación coa citada parcela efectuouse unha adxudicación de herdanza formalizada mediante escritura pública en A Pontenova ante o notario J. Fernando Ribes García o 13 de novembro de 2018 e número 768 do seu protocolo, a favor de Ramón Campos Conde.

Unha vez adxudicada a herdanza, Ramón Campos Conde, na súa cualidade de herdeiro, presentou escrito con data 13 de febreiro de 2019 no que procedía a renuncia aos dereitos derivados da participación no procedemento convocado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo con data 23 de marzo de 2018, para a adquisición dun terreo para a construción dun centro de atención a maiores de A Pontenova.

Por Decreto da Presidencia de data 14 de febreiro de 2019 dispúxose aceptar de plano a renuncia aos dereitos derivados da participación no devandito procedemento.

- Parcela catastral 6507010PJ4060N0001XK adxudicada a favor de José López Moreda segundo escritura pública de adxudicación de herdanza formalizada na Pontenova ante o notario J. Fernando Ribes García o 3 de xullo de 2018 e número 423 do seu protocolo. Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada o 23 de novembro de 2018.

- Parcela catastral 6507005PJ4060N0001RK adxudicada a fracción do 1/16 a favor de Regina Trevín Pardo segundo escritura pública de adxudicación de herdanza formalizada na Pontenova ante o notario J. Fernando Ribes García o 13 de novembro de 2018 e número 764 do seu protocolo. Da fracción do 15/16 restante da parcela xa figura como titular rexistral Regina Trevín Pardo. Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada o 7 de decembro de 2018.

3º.- Polo que respecta á situación rexistral e a acreditación da liberación das afeccións urbanísticas e fiscais, temos que facer constar que se aporta polos interesados xustificante da presentación da solicitude de inscrición no Rexistro da Propiedade correspondente dos títulos resultantes das adxudicacións hereditarias citadas no punto anterior.

Aos efectos do contido do artigo 20 da Lei Hipotecaria, relativo ao tracto sucesivo, se esixe a citada inscrición para a inscrición rexistral dos bens e dereitos a favor das Administracións, con base no disposto no artigo 36 da Lei 33/03 do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico.

4º.- Polo que se refire a liberación das cargas urbanísticas e fiscais, a certificación asinada o 17 de outubro de 2018 pola rexistradora da propiedade do distrito hipotecario de Ribadeo-Fonsagrada consta que a inscrición rexistral das citadas fincas encóntrase libre de cargas, gravames e afeccións de especie algunha excepto a identificada baixo a titularidade rexistral de Angelina Méndez Gallo e número de referencia catastral 6507003PJ4060N0001OK que se encontra libre de cargas e gravames estando unicamente suxeita ás afeccións fiscais vixentes.

Así mesmo as ditas afeccións fiscais serán tamén anotadas nas inscricións rexistrais que son solicitadas polo título hereditario que se refire no parágrafo anterior porque a anotación rexistral da afección fiscal destas parcelas responde á previsión contida no artigo 100 do Real Decreto 1629/1991 de o de novembro do Regulamento do Imposto sobre Sucesións e Doazóns que prevé que os Rexistro da Propiedade non admitirán para a súa inscrición ou anotación ningún documento que conteña acto ou contrato suxeito ao dito imposto sen que se xustifique o pago da liquidación correspondente, ou, no seu caso, declaración da exención ou non suxeición. (...) A dita nota queda sen efecto e debe ser cancelada en todo caso transcorridos cinco anos desde a fecha en que se estendeu.

O alcance da dita afección fiscal, a teor do artigo 79 da lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, fai responsable subsidiario aos adquirentes de bens afectos por lei ao pago da débeda tributaria, si a débeda non se paga.

E serán os bens e dereitos transmitidos os que quedan afectos á responsabilidade do pagamento do tributo que puidese corresponder. E dicir, desa continxencia sería responsable subsidiario esta Deputación Provincial.

Encontrámonos nun suposto de adquisición suxeita á lexislación patrimonial. Dita normativa determina que as adquisicións de bens e dereitos realizarase por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico (no noso caso, artigo 10 do RD 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais e artigo 15 da Lei 33/03 do Patrimonio das Administracións Públicas) que unicamente impoñen unha limitación para as adquisicións a título gratuíto que, non é o caso presente (artigos 12 do dito RBEL e artigo 21.3 da LPAP).

Polo antedito non se aprecia impedimento legal para a formalización da adxudicación da parcela cuxa titularidade rexistral resulta a favor de Angelina Méndez Gallo e de número de referencia catastral 6507003PJ4060N0001OK que se atopa libre de cargas e gravames e unicamente suxeita as afeccións fiscais vixentes que, se reitera, non obstaculizan a adquisición pretendida, nin a formalización nin a inscrición rexistral a favor desta Deputación Provincial.

Reiterase o exposto respecto das afeccións fiscais que, no seu caso, resultaren da inscrición rexistral dos outros títulos procedentes das adxudicacións hereditarias xa citadas, aínda non inscritas pero con solicitude para a súa inscrición.

5º.- Como consecuencia das citadas adxudicacións hereditarias compre modificar o acordo da Xunta de Goberno celebrada o 29 de xuño de 2018 de adxudicación do procedemento para a adquisición dun terreo para a construción dun Centro de Atención a Maiores no Concello de A Pontenova resultando a favor dos seguintes titulares:

| Titular | Parcela catastral | Superficie | Prezo total (60 €/m²) ) |
|---|---|---|---|
| Elías Veiga Rigueiro | 6507001PJ4060N0001FK | 155 $m^2$ | 9.300 € |
| Ana María Vidal Calvo<br>(titularidade do *79,83 %* ) | 6507004PJ4060N0001KK | 296,50 $m^2$ | 17.790 €: a ingresar 14.201,76 € |
| Elías Vidal Calvo<br>*(titularidade do 20,17 %* ) | | | a ingresar: 3.588,24€ |
| José Rico Rodríguez: 33,33%<br>Fermín Rico Rodríguez 33,33%<br>Modesta Rico Rodríguez 33,33% | 6507007PJ4060N0001XK | 225 $m^2$ | 13.500 € |
| Ramón López Veiga | 6507009PJ4060N0001JK | 175 $m^2$ | 10.500 € |
| José López Moreda | 6507010PJ4060N0001XK | 140 $m^2$ | 8.400 € |
| Angelina Méndez Gallo | 6507003PJ4060N0001OK | 226 $m^2$ | 13.560 € |
| Regina Trevín Pardo | 6507005PJ4060N0001RK | 437,50 $m^2$ | 26.250 € |

6º.- Por outra banda con data 19 de febreiro de 2019, don Ramón Campos Conde presenta escrito no Rexistro da Deputación Provincial de Lugo, no que solicita que sexa aceptada pola Deputación Provincial de Lugo a doazón do seguinte ben: urbana: No polígono Chousa de Abaixo, lugar de Villaodrid (27.720) pertencente ao municipio de A Pontenova, Lugo, solar que ten unha extensión superficial de douscentos cincuenta e un metros cadrados (251 m2) e linda: Norte, Venancio López (1) e Ramón López (56); Sur Antonio Rio (49); Este, finca S-82 do Concello de A Pontenova e María Trevín (48); e Oeste, calle. Referencia catastral 6507008PJ4060N0001IK.

Esta parcela de terreo é imprescindible para dar cumprimento ao disposto na Base 1ª do Prego de condicións que rexeu o procedemento, xa que dispón que "para a consecución da finalidade perseguida a adquisición poderá recaer nunha soa parcela ou en varias parcelas que poidan agruparse de xeito que permitan construír un centro de atención para persoas maiores no Concello de A Pontenova. O terreo na súa totalidade non deberá ser inferior os 2000 m2".

Consideracións xurídicas

PRIMEIRA.- Que para proceder ao pagamento e á formalización da escritura pública da compravenda das parcelas interesadas por esta Deputación no devandito procedemento de

concorrencia pública e a súa posterior inscrición rexistral compre que esta Deputación Provincial, de conformidade co contido da certificación asinada o 17 de outubro de 2018 pola rexistradora da propiedade do distrito hipotecario de Ribadeo-Fonsagrada, teña por acreditada a liberación das afeccións urbanísticas e fiscais de todas as parcelas rexistrais nomeadas no acordo da Xunta de Goberno de 29.06.2018 e en particular se pronuncie tanto sobre a adquisición da parcela referida baixo o número de referencia catastral 6507003PJ4060N0001OK e cuxo titular rexistral é Angelina Méndez Gallo como da adquisición das parcelas rexistrais cuxos títulos procedentes das devanditas adxudicacións hereditarias están pendentes de inscrición rexistral da que, previsiblemente, a teor do exposto, derivará a correspondente nota de afección fiscal **.**

SEGUNDA.- Que o citado acordo de adxudicación de 29.06.2018 expresa os datos que en relación ás parcelas require o prego de condicións do presente procedemento publicado no BOP n.º 92 de 23 de abril de 2018: que os titulares e parcelas interesadas consten inscritas no Rexistro da Propiedade, que se identifiquen baixo un número de referencia catastral e a superficie da parcela.

TERCEIRA.- Que con posterioridade á dita adxudicación, e resultando defuntos algúns dos titulares rexistrais adxudicatarios do procedemento, devén unha relación xurídica transmisible da propiedade posto que de acordo co artigo 609 do Código Civil a propiedade e os demais dereitos sobre os bens se adquiren e transmiten por sucesión testada e intestada. Polo tanto no existe inconveniente en que pola dita relación xurídica se transmita a titularidade das devanditas parcelas.

CUARTA.- Que nestes supostos entendemos que a propiedade queda acreditada para cada unha das parcelas como xa se expresou:

- Parcela catastral 6507001PJ4060N0001FK adxudicada a favor de Elías Veiga Rigueiro segundo escritura pública de adxudicación de herdanza formalizada en Lugo ante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias o 9 de maio de 2018 e número 1598 do seu protocolo.

Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada o 30 de novembro de 2018.

- Parcela catastral 6507007PJ4060N0001XK adxudicada a favor de José Rico Rodríguez, Fermín Rico Rodríguez e Modesta Rico Rodríguez por terceiras partes indivisas segundo escritura pública de adxudicación de herdanza formalizada na Pontenova ante o notario J. Fernando Ribes García o 13 de novembro de 2018 e número 766 do seu protocolo. Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada o 4 de decembro de 2018.

- Parcela catastral 6507010PJ4060N0001XK adxudicada a favor de José López Moreda segundo escritura pública de adxudicación de herdanza formalizada na Pontenova ante o notario J. Fernando Ribes García o 3 de xullo de 2018 e número 423 do seu protocolo. Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada o 23 de novembro de 2018.

- Parcela catastral 6507005PJ4060N0001RK adxudicada a fracción do 1/16 a favor de Regina Trevín Pardo segundo escritura pública de adxudicación de herdanza formalizada na Pontenova ante o notario J. Fernando Ribes García o 13 de novembro de 2018 e número 764 do seu protocolo. Da fracción do 15/16 restante da parcela xa figura como titular rexistral Regina Trevín Pardo. Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada o 7 de decembro de 2018

QUINTA.- Que non nos encontramos ante unha modificación do prego de condicións do procedemento senón que estamos en presencia dun cambio de titularidade, ope legis, na adxudicación realizada con anterioridade.

Non obstante, ponse de manifesto que no procedemento de adxudicación admitiuse como licitadores a persoas que dicían actuar en representación de titulares rexistrais e sen que se comprobara tal circunstancia xa que non consta en ningún caso a acreditación da dita

representación e noutros casos os representantes dicían actuar en representación de titulares xa defuntos".

Polo exposto, en execución do compromiso adquirido pola Xunta de Goberno Provincial celebrada o 2 de febreiro de 2018 que aprobou o texto do Convenio de Colaboración co Concello de A Pontenova baixo a rúbrica "Convenio Interadministrativo de cooperación entre *esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova, para a execución dos fins comúns consistentes en: "Adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova" ,* proponse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Ter por acreditada a liberación das afeccións urbanísticas e fiscais das parcelas catastrais seguintes:

| |
|---|
| 6507004PJ4060N0001KK |
| 6507009PJ4060N0001JK |

SEGUNDO.- Proceder á modificación dos titulares das parcelas adxudicadas no acordo de 29.06.2018 cuxa titularidade é transmitida ope legis por sucesión testada ou intestada segundo consta acreditado.

TERCEIRO.- Formalizar en escritura pública a adquisición das ditas parcelas cos seus titulares rexistrais ou ope legis, así como o seu pagamento, e non obstante as afeccións fiscais vixentes, segundo o seguinte contido:

| Titular | Parcela catastral | Superficie | Prezo total (60 €/$m^2$) | N.º Conta Bancaria |
|---|---|---|---|---|
| Elías Veiga Rigueiro | 6507001PJ4060N0001FK | 155 $m^2$ | 9.300 € | ES15 2080 5183 1630 0000 9425 |
| Ana María Vidal Calvo (titularidade do *79,83 %* ) | 6507004PJ4060N0001KK | 296,50 $m^2$ | 17.790€: a ingresar 14.201,76 € | ES42 3059 0015 5711 3363 3923 |
| Elías Vidal Calvo *(titularidade do 20,17 %* ) | | | a ingresar: 3.588,24 € | ES46 0182 0116 7302 9811 1815 |
| José Rico Rodríguez: 33,33%<br>Fermín Rico Rodríguez 33,33%<br>Modesta Rico Rodríguez 33,33% | 6507007PJ4060N0001XK | 225 $m^2$ | 13.500 € | ES55 2080 0137 4130 4001 0671 |
| Ramón López Veiga | 6507009PJ4060N0001JK | 175 $m^2$ | 10.500 € | ES16 2080 0137 4630 0000 6291 |
| José López Moreda | 6507010PJ4060N0001XK | 140 $m^2$ | 8.400 € | ES86 2080 0137 4530 4000 3709 |
| Angelina Méndez Gallo | 6507003PJ4060N0001OK | 226 $m^2$ | 13.560 € | ES23 2108 2850 2500 1030 0902 |
| Regina Trevín Pardo | 6507005PJ4060N0001RK | 437,50 $m^2$ | 26.250 € | ES84 2080 0137 4430 0000 1867 |

CUARTO.- Aceptar a cesión gratuíta da parcela con referencia catastral 6507008PJ4060N0001IK para a construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova.

QUINTO.- Condicionar o presente acordo a que por parte dos interesados quede acreditada a inscrición o seu nome no Rexistro da Propiedade.

SEXTO.- Facultar ao Presidente ou Deputado Delegado no que delegue para a sinatura da dita formalización e/ ou realización doutros trámites administrativas conducentes á inscrición rexistral das citadas parcelas.

SETIMO.- Dáse conta da Resolución emitida polo Alcalde-Presidente do Concello de A Pontenova con data de 5 de decembro de 2018 relativa ao cumprimento da súa obriga de aportar 125.000 € de conformidade co citado convenio Interadministrativo de cooperación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN DE ENTIDADE BEN EMPREGADO IV.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social:

Considerando que con data 8 de setembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I.

Tendo en conta que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 221 do 25 de setembro de 2017.

Considerando que con data 2 de novembro de 2017 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 001 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Tendo en conta que a seguinte entidade beneficiaria renuncia a subvención outorgada

| CÓDIGO | RAZÓN SOCIAL | SUBVENCION | D. RENUNCIA |
|---|---|---|---|
| BE4/A-17-30454 | MARGARITA GAYOSO MARTÍNEZ | 8.003,04€ | 12/02/2019 |

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Fomento de Emprego e a Economía dos sectores Estratéxicos da Provincia de Lugo, Ben Empregado IV, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aceptar a renuncia da seguinte empresa:

| CÓDIGO | RAZÓN SOCIAL | SUBVENCION | D. RENUNCIA |
|---|---|---|---|
| BE4/A-17-30454 | MARGARITA GAYOSO MARTÍNEZ | 8.003,04€ | 12/02/2019 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA EXTINCIÓN DO GOCE DA SUBVENCIÓN ENTIDADE BEN EMPREGADO IV.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Promoción Económica e Social:

"Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo - Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con Nº 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP Nº 001 de data 2 de xaneiro de 2018.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase ó Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás empresas incluídas nel, entre as cales se atopa a entidade con código A-17-29902. e razón social Bodegón Espolada S.L.

Considerando que con data 23 de maio de 2018 , e tras as Renuncias de Mª Luz Fernández Otero e Mª José Freijo González, e cumprindo co establecido nas bases, a empresa da de alta a Dona Yaddy Lisseth Castrillón Salazar na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidos na solicitude. O día 24 de maio de 2018 a traballadora solicita a Baixa Voluntaria na empresa.

Considerando que con data 14 de xuño de 2018 e, tras as Renuncias dos seguintes candidatos da listaxe de reserva Mª del Mar Carrasco Zapata, José Laureano Pardo Antuña e José Antonio Díaz Vázquez, a empresa da de alta a Vanesa Rodríguez Soto, na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidos na solicitude. A traballadora solicita a Baixa Voluntaria na empresa o día 25 de xuño de 2018, quedando a entidade Deserta.

Considerando que con data 25 de xuño de 2018 a entidade beneficiaria queda sen candidatos na listaxe de reserva, e de acordo á Base 6 do Programa Ben empregado IV fase II "Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará a Axencia de Colocación, coma mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos". Dende o momento da publicación do Anexo II, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude.

Publicouse ó Anexo II da entidade beneficiaria nas datas e cos resultados seguintes:

| DATA PUBLICACIÓN ANEXOII /COMUNICACIÓN | TRABALLADOR | DATA DE CONTRATACIÓN | DATA DE BAIXA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|
| 10/09/2018 | Jesús Redondo Prieto | | 17/09/2018 | Renuncia |
| 09/10/2018 | Santiago Gutierrez Rodríguez | | 15/10/2018 | Renuncia |
| 01/12/2018 | José Manuel Villar González | | 26/12/2018 | Renuncia |

Considerando que con data 27 de decembro de 2018 comunícaselle á entidade beneficiaria os datos do seguinte candidato da listaxe de reserva, Don Francisco de Borja de Luque Martín.

Considerando que con data 09 de xaneiro de 2019 a empresa presenta un escrito no Rexistro da Deputación de Lugo no que explica que intentou citar ao candidato para que este lle facilite os seus datos persoais pero, este encontro non se chega a producir.

Considerando que con data 11 de xaneiro de 2019 o candidato, Don Francisco de Borja de Luque Martín, presenta un escrito no que explica que a empresa non leva a cabo a súa contratación.

Considerando que a vista dos dous escritos, desde esta área, concedéselle á entidade un novo prazo para que se poña en contacto co traballador e se leve a cabo esa contratación, posto que se entende que houbo un malentendido entre as partes.

Considerando que **c**on data 25 de xaneiro de 2019 a entidade envía un escrito ao correo electrónico area.emprego@deputacionlugo.org no que explica que non realizou a contratación do traballador seleccionado argumentando que "...no puede incorporar a su plantilla a ningún trabajador que no manifieste interés por el puesto de trabajo que se le oferta por lo que solicita se le remita un nuevo candidato".

Considerando que tendo en conta o establecido nas Bases do Programa:

Obrigas das Entidades Beneficiarias das bases da Fase II do Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV a entidade ten a obriga de:

“Aceptar aos traballadores asignados pola Deputación e mantelos no seu cadro de persoal ás persoas traballadoras durante o período de 12 meses de duración do contrato subvencionado. O rexeitamento do traballador debe ser de acordo o establecido na base VI.

Contratar aos candidatos outorgados mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude do programa, nos cinco días seguintes á comunicación da resolución da fase II.

...”

Base 18 Penalizacións das bases Fase I do Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado III

“A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito o seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ó previsto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de todo orden puideran derivarse”

Considerando que o día 8 de febreiro de 2019, reúnense os compoñentes da comisión de valoración das solicitudes do Programa de Fomento de Emprego da Provincia de Lugo, Ben Empregado IV Fase I, para valorar a situación da entidade. (Achegase acta).

Considerando que por todo o exposto anteriormente e ante o incumprimento das obrigas establecidas na Base 11, pola entidade Bodegón Espolada S.L., e en aplicación do artigo 37 da Lei

38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar a extinción do goce da subvención da seguinte empresa:

| CÓDIGO | EMPRESA | IMPORTE SUBVENCIÓN |
|---|---|---|
| A-17-29902 | BODEGÓN ESPOLADA S.L | 8.418,18€ |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES PARA O PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019 (PROSCENIO).**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico:

“A Área de Turismo e Cultura, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión da cultura e do teatro na súa vertente profesional en entidades pertencentes á provincia de Lugo, e ao mesmo tempo as de potenciar a actividade cultural que se desenvolve nos distintos concellos da xeografía lucense.

Por esa razón, ponse en marcha o Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO) no que poderán participar as compañías profesionais de teatro, de carácter privado, con domicilio fiscal na provincia de Lugo.

Con estes circuítos preténdese activar un sector en serias dificultades na actual situación económica- social para o mundo cultural.

Este programa vai dirixido tanto aos concellos da provincia, que poderán solicitar actuacións para se acolleren a este programa, como a aquelas asociacións culturais da provincia de Lugo, que estean xuridicamente constituídas (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas a normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura entre o conxunto demográfico lucense.

O orzamento previsto para por en marcha o Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO) é de 50.000 €. A distribución da/s función/s por compañías teatrais dependerá da demanda e do atractivo que resulte o proxecto para os solicitantes do Programa, establecéndose igualmente que o cento por cento de todas as funcións asinadas a unha mesma compañía teatral deberá ser inferior a 15.000 € máis IVE, de acordo co establecido no artigo 118.1 da Lei de Contratos do Sector Público. Non obstante, o número máximo de adxudicacións por compañía teatral non poderá superar as 6 actuacións.

En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

O caché será o propio de cada compañía teatral profesional, de carácter privado, debendo especificar os gastos de cada función: seguridade social, equipo técnico (iluminación, son, etc…), pago dos actores e actrices participantes en cada representación, etc… Así mesmo, no momento da xustificación da actuación, e previamente ao pago da porcentaxe propia que lle corresponda aboar á Deputación (máximo 50% do caché da actuación) os grupos de teatro participantes neste Programa deberán achegar documentación coa que se acredite que as actrices e actores están contratados de conformidade o convenio vixente.

O calendario de actuacións irá dende o 4 de maio até o 31 de decembro de 2019 e o caché e a duración das representacións dependerá da tipoloxía e natureza das obras presentadas sendo o caché máximo sen técnica 4.000 euros e de 5.500 euros con necesidades técnicas (luz, son, etc…).

Do mesmo xeito, os Concellos e entidades solicitantes deberán especificar cal é a súa preferencia para a actuación/s solicitada e sinalando igualmente unha segunda data de reserva para o tipo de actuación/s solicitada/as dentro deste Programa.

A Área de Turismo e Cultura establece que, tendo en conta os cachés das actuacións, que todos os solicitantes (os Concellos e as asociacións culturais solicitantes, legalmente constituídas) deberán asumir o pagamento- como mínimo- do 50% do custo de cada unha das actuacións concedidas. O resto do caché da compañía teatral, ata o máximo do 50% do custo da actuación correrá a cargo da Deputación de Lugo (Área de Turismo e Cultura).

A porcentaxe que aboará a Deputación (ata un 50% máximo do custo da actividade), estará condicionada a cantidade que o Concello/Asociación solicitante poida recadar coa entrada simbólica que puidese cobrar- se fose o caso-. No caso que esta supere o 50% do caché da actuación, a porcentaxe a aboar polo solicitante beneficiado da actuación será o total da recadación obtida, debendo a Deputación aboar o grupo teatral a porcentaxe restante ata o pagamento do cento por cento da actuación. Neste senso, os grupos actuantes deberán facturarlle á Deputación de Lugo, o 50% (como máximo) do custo da actividade teatral e o 50% (como mínimo) ao Concello ou asociación solicitante da función. Por esta razón, non se pagará os grupos de teatros mentres o beneficiario da actuación ( Concello ou Asociación beneficiaria) non achegue o certificado de actuación onde constará– se fose o caso- a recadación total obtida pola representación teatral, segundo o recollido no anexo 9.

Vistos os informes favorables do Servizo de Contratación e Fomento, da Secretaría Xeral e do Servizo de Intervención é polo que a Deputada delegada de Cultura propón a aprobación – se procede- pola Xunta de Goberno dos seguintes puntos:

**1º**.- Aprobación das bases do Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO) para a provincia de Lugo.

**2º**.- Aprobación do gasto total do Programa por importe de 50.000 euros, desglosado do seguinte xeito:

40.000 € para o pago das actuacións teatrais concedidas

10.000 € para publicidade e propaganda: anuncios en M.C.S e carteis , rollers, … nos que se incluirá o logo da Deputación  Provincial de Lugo (Área de Turismo e Cultura).

**3º**.- Aprobación dos modelos de solicitude para adherirse ao Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO).

**4º**.- Aprobar a súa publicación no BOP".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2018.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 10 de agosto de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 186, do 14 de agosto de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo

para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018; e vista a renuncia presentada polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e as propostas da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan, polos importe que así mesmo se indica:

| Entidade | Subvención |
|---|---|
| Asociación Amigos da Gaita Galega | 905,00 € |
| Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela | 377,00 € |

**15.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS, 2019.**

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes:

"A Area de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Nesa perspectiva desenvolve esta convocatoria de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo co fin de promover e difundir o deporte, sendo consciente das dificultades que teñen que afrontar os e as deportistas lucenses de modalidades individuais, para progresaren na súa formación integral e para articular a súa participación dentro dese espazo deportivo e como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva de competición e de implicación do/da deportista, na perspectiva desa actividade como fórmula de extensión do benestar social.

Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

**1º**.- Aprobación das bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión das Bolsas para deportistas individuais 2019.

**2º.-** Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 85.500 € (oitenta e cinco mil cincocentos euros).

**3º.-** Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE "TÉCNICO /A SUPERIOR DE INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN".**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación:

"Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición, para constituír listaxes de emprego temporal- para atender ás necesidades urxentes de incorporación de efectivos destas características, nas circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP- ou no seu caso no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores- das seguintes categorías:

Denominación: TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN.
Clasificación:
- Grupo A.- Subgrupo A1.
- Escala de Administración Especial.
- Subescala Técnica, Técnico/a Superior.

Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria**.**

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

Artigo 10.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que se establece que “son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.

A substitución transitoria dos titulares.

A execución de programas de carácter temporal.

O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, esixe que: “non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”.

Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

Publicade das convocatorias e das súas bases.

Transparencia.

Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que "os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto".

Artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos.

Listaxes de emprego temporal conformadas por aspirantes que participaron en procesos selectivos.

Nestes momentos non existe Listaxe de Emprego Temporal da categoría enunciada anteriormente, ao obxecto de poder cubrir provisionalmente as sinaladas prazas/postos/empregos, a través da devanditas Listaxe, polo que resulta necesario a súa constitución para atender as necesidades que se poidan producir.

Proposta de acordo.

Considerando que se ten constatado que existe na Entidade a necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal para poder xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo de titulación cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular as referidas no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno a normativa legal e regulamentaria aplicable, propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

Acordo:

**1º**.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición libre, para a creación dunha listaxe de emprego temporal de "Técnico Superior de Informática e Programación" para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (ou no seu caso polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores).

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivo estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

**2º**.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír as respectivas listaxes de emprego temporal.

**3º**.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA PARA AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA RESOLVER O EXPEDIENTE DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“No BOP nº 257, do venres 9 de novembro do 2018, foi publicado o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, de 19 de outubro de 2018, polo que se convoca procedemento de provisión de determinados postos de traballo singularizados da Entidade Provincial por funcionarios de carreira.

Nas bases da convocatoria prevese que o prazo para a presentación de solicitudes de aspirantes será de 15 días, contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Igualmente, as citadas bases (base 10) establecen que o prazo para a resolución do concurso será de dous meses desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias, consonte ao artigo 47 do RD 364/95, de 10 de marzo.

No BOE nº 299, do mércores, 12 de decembro de 2018, foi publicado o dito anuncio, que abre o prazo de presentación de solicitudes, que rematou o 4 de xaneiro de 2019.

A tramitación do dito expediente está encomendada ao Servizo de Recursos Humanos.

Segundo o responsable do dito Servizo, estase a realizar simultaneamente á tramitación deste expediente os trámites encomendados relativos ao expediente de provisión de determinados postos de traballo do persoal laboral; os expedientes de selección de persoal para a constitución de listaxes de emprego temporal de diversas categorías; o expediente de selección de persoal de varias prazas vacantes e dotadas para a súa cobertura definitiva, correspondentes ás Ofertas de Emprego Público dos anos 2017 e 2018; o expediente de avaliación do desempeño correspondente ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2017 e o 30 de novembro do 2018; ademais das actividades ordinarias de xestión das funcións encomendadas ao Servizo de Recursos Humanos.

Á vista desta situación, conforme ao previsto no artigo 21.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, habilitáronse

medios persoais adicionais ao Servizo de Recursos Humanos para tentar cumprir co despacho adecuado e en prazo deste expediente de provisión de determinados postos de traballo de persoal funcionario e resolver e notificar no inicial prazo previsto nas bases da convocatoria.

Pese ao anterior, considerando que esta situación de grande acumulación de traballo fai imposible, cos medios materiais e humanos dispoñibles, incluídos os adicionalmente achegados, que o expediente se poida resolver no prazo de dous meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes, conforme ao establecido no artigo 47.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e de promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, de aplicación supletoria, como consecuencia da previsión contida no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproban as disposición legais vixentes en materia de réxime local.

Tendo en conta a normativa de aplicación para a tramitación deste expediente, singularmente o previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local; na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado.

Con fundamento nas previsións recollidas especificamente nos apartados 1 e 2 do artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que prevé o seguinte:

"Excepcionalmente, cando se haxan esgotado os medios persoais e materiais dispoñibles aos que se refire o apartado 5 do artigo 21, o órgano competente para resolver, a proposta, no seu

caso, do órgano instrutor o superior xerárquico do órgano competente para resolver, poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, non podendo ser este superior ao establecido para a tramitación do procedemento.

Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá recurso algún".

Tendo en conta igualmente as consecuencias da resolución extemporánea do expediente de provisión de postos referido, atendendo ao establecido no artigo 25.1, apartado a) da Xa citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que, nesta materia, prevé o seguinte: "1. Nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se haxa ditado e notificado resolución expresa non exime á Administración do cumprimento da obriga legal de resolver, producindo os seguintes efectos:

No caso dos procedementos dos que puidera derivarse o recoñecemento ou, no seu caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas favorables, os interesados que houberen comparecido poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

(…)".

Visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, sobre este asunto, que a respecto desta cuestión sinala:

"Este tipo de situacións de ampliación de prazos para a tramitación e resolución de expedientes administrativos, de carácter excepcional, para impedir o incumprimento do prazo máximo de resolución e os consecuentes prexuízos aos interesados, foi obxecto de análise pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo que ten sido recollida en Sentenzas de 29 de novembro do 2012, Rec. 5512/2011; e de 30 de xaneiro de 2013, Rec. 6753/2009.

Igualmente a xurisprudencia ten considerado que non existe inconveniente de aplicar ao prazo máximo para resolver a posibilidade xenérica de ampliación de prazos contemplada na Lei de procedemento administrativo común, nos termos da redacción da anterior Lei de Procedemento Administrativo Común (art. 42.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro) que é coincidente coa redacción do artigo 23 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; como se recolle en diversas sentenzas da Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Supremo (STS de 18 de outubro de 2006 e de 20 de marzo de 2007)".

Coa finalidade de posibilitar que o expediente sexa finalmente resolto, sen que se produzan consecuencias que poidan prexudicar as lexítimas expectativas dos aspirantes do expediente de provisión de postos de traballo que se está a tramitar, sen que a resolución extemporánea supoña a desestimación das solicitudes de participación dos aspirantes presentados.

Tendo en conta canto antecede, este Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, propón que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Xunta de Goberno, de estimalo oportuno, adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Ampliar por outros dous meses do prazo inicialmente establecido nas bases da convocatoria (base 10) para resolver o concurso de provisión de determinados postos de traballo singularizados da Entidade Provincial por funcionarios de carreira, aprobado por Acordo deste órgano, de data 19 de outubro de 2018 (BOP nº 257, do venres 9 de novembro do 2018), con fundamento na acumulación de expedientes e a insuficiencia dos medios humanos dispoñibles, xa descritos no corpo desta proposta de resolución.

**2º.-** Ordenar que, para xeral coñecemento e, especificamente, a efectos de notificar aos interesados está resolución de ampliación do prazo en dous meses para a terminación do expediente de provisión referido e para ditar a pertinente resolución e practicar a notificación correspondente,

o anuncio deste Acordo sexa publicado no BOP, no taboleiro de edictos da Deputación provincial de Lugo e na páxina web corporativa, conforme ás previsións que se conteñen no artigo 45.1, apartado b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa expresa advertencia de que contra esta decisión non cabe recurso algún, conforme ás previsións recollidas no artigo 23.2 da precitada norma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.